



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas – SMBM		
Número expediente:	Documento:	Data:
CON/64/2012	CONWIOFR	04-09-2012
6K3M6G6U3U0J4G541CNB		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA DA DOCUMENTACIÓN REFERENTE AOS CRITERIOS AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES (SOBRE C) PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE COMEDORES NOS CEIP DE A SOLAINA, A GÁNDARA, VIRXE DO MAR E O FEAL.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez. (Alcalde-Presidente)

Vogais:

- D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)
- D. José Gonzalo Gómez Prego (Interventor Accidental)
- D. Alfonso Filgueira López (Xefe Servizo Sociocomunitario)
- D. Mario Isasi Méndez (concelleiro delegado de Patrimonio, Estatística e Transporte)

Secretaria:

Dña. Susana Barbeito Míguez, (administrativa Departamento Contratación).

De conformidade co establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e, despois de anunciarse no perfil de contratante, a convocatoria desta Mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiron parte dos representantes dos candidatos participantes nesta licitación.

Sendo as 12:05 horas do día catro de setembro de dos mil doce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a apertura dos sobres "C" relativos a os criterios avaliábeis de xeito automático das empresas admitidas á licitación. Pola presidencia declárase aberta a reunión, procedéndose a tratar os asuntos da orde do día:

1.- INFORME EMITIDO POLOS TÉCNICOS MUNICIPAIS DE VALORACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS

Dada conta do informe emitido polo Xefe do servizo Sociocomunitario, a Mesa previa deliberación do contido do mesmo acorda:

Asumir as puntuacións outorgadas no devandito informe de xeito que resultan:



Craterios de valoración	Catering Caranza, S.L.	Serunión, S.A.	Villasenín, S.A.
Elaboración de menús	11	13	13
Cualificación persoal e actividades complementarias	9	14	11
Control de calidade produtos alimenticios	6	8	8
TOTAL	26	35	32

3.- APERTURA DOS SOBRES "C" CORRESPONDENTE Á OFERTA ECONÓMICA

Antes de proceder á apertura dos sobres "C" o presidente procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe de valoración de ofertas.

Concluída a lectura procédese á apertura dos sobres C relativos aos criterios avaliábeis de xeito automático

EMPRESA	OFERTA POR XANTAR (Acheга Municipal, IVE incluído))	OFERTA POR ALMORZO (Acheга Municipal, IVE incluído)
Catering Caranza, S.L.	0,65	0,40
Serunión, S.A.	0,741	0,491
Villasenín, S.A.	0	0

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

VALORACIÓN FINAL DAS OFERTAS ADMITIDAS.

A Mesa acorda deixar pendente a valoración final das ofertas admitidas, e no seu caso formular a correspondente proposta de adxudicación nunha vindeira reunión, previa convocatoria realizada ao efecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu a Secretaria dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente

